

NOME: Historia de Galicia Asolagada.

REFERENCIA: 00002.

NÚMERO PARTICIPANTES: Mínimo 7.

IDADES: A partir de 9 anos.

ESPAZO

Espazo para correr (15x5 metros).

MATERIAIS

- Material para trazar unha liña no chan: xiz ou unha corda que delimite espazos.
- 25 fichas-pedras da Historia de Galicia.

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos.

1. Quecemento e introdución: 3 minutos.
2. Mollarse por Galicia: 7 minutos.
3. Versión libre da Historia: 5 minutos.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRINCIÓN

Logo dun quecemento da voz no que se repasen as sete vogais, os/as participantes divídense en dous personaxes: sereas e mergulladoras (con grupos pequenos poden ser todas mergulladoras).

Mergulladoras: deben correr polo mar proxectando de maneira sostida unha das sete vogais e apañar Pedras, de unha en unha. Se lles falta o alento antes de volver á terra, deben soltar a pedra que leven na man, se é que levan algunha, e regresar á superficie.

Sereas: vixían se quen mergulla deixa de respirar e nese caso dinlle “deixaches de cantar, deixa o teu tesouro no fondo do mar”.

Logo dun anaco, cesan os mergullos e coas pezas rescatadas os participantes deben ver de recompoñer a historia de Galicia.

Se a dinámica de grupo e condicións acústicas do espazo o permiten, é aconsella-ble que cada mergulladora que saia vaia pronunciando cada unha das sete vogais.

Con grupos grandes (máis de 15 persoas) pode haber un terceiro personaxe: Historiadoras, que irían realizando o labor de composición dende o comezo e presentarían unha versión libre da historia de Galicia ao remate.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite reflexionar sobre o moito ou pouco que sabemos da historia.

Permite reflexionar sobre a perda de información, lagoas históricas e a importancia de achegar e interpretar os testemuños.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

Permite reflexionar sobre a historia coma un conto do que nós tamén somos personaxes.

PRETEXTO CONTEXTO

“Galicia afonda lentamente no mar. As rías foron vales de interior hoxe inundados e devagariño os montes se van afundindo inexorablemente mentres o mar avanza onda a onda. Algún día Cabeza de Manzaneda terá praia.

Se fisicamente o granito da costa verdescente resiste o embate do mar, hai moitos fitos e feitos senlleiros da historia da nosa terra que se van envolvendo na brétema e caendo no mar do esquecemento.

Seredes vós -que sodes o presente e o futuro de Galicia- quen de mollarvos e rescatar fitos senlleiros da nosa historia do mar da desmemoria?”

MATERIAL ANEXO

Historia de Galicia de Pepe Carreiro. Imaxes